

Ola familias!

Infórmovos dos contidos que estamos traballando en clase para que de xeito natural sexan reforzados coa familia, aproveitando calquera momento do día.

CIENCIAS DA NATUREZA. - "Os seres vivos". Características (nacen, medran reproducense e morren). (Regra nemotécnica para aprendelas: NAMEREMO)

Conceptos básicos: Clasificación dos animais segundo a alimentación e segundo a forma de reprodución (VIVIOVI = Vivíparos, ovíparos). Saber realizar unha sinxela ficha sobre un animal definindo as súas características físicas básicas (pelo, plumas, escamas...), e o entorno onde vive. Animais salvaxes e domésticos. Os animais vertebrados. Características básicas dos mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes. (regra nemotécnica: MAVEREANPE)

CIENCIAS SOCIAIS. - "O noso barrio". Tipos de barrios (antigos ou modernos, grandes pou pequenos..). *Conceptos básicos:* Beirarrúa, paso de peóns e calzada. Mobiliario urbano e sinalizacións básicas para andar polas rúas con seguridade. Servicios (centro de saúde, biblioteca, piscina, pabillón, local social, auditorio...), tendas e zonas de lecer. As diferentes localidades: aldeas, vilas e cidades. Características de cada unha delas. Tipos de traballos segundo as localidades.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA. - Abandonar pouco a pouco a pauta punteada. Empezar a escribir palabras e frases sinxelas con tódolos fonemas, coidando a grafía. Copia e dictado, para pasar máis adiante á escritura de textos curtos orixinais. Reparar nas grafías especiais. As sílabas trabadas de tres fonemas tipo: pra, pla cra, cla, dra, tra, bra, gra...

O uso do singular e do plural. Uso do masculino e do feminino.

MATEMÁTICAS. - Ampliar o concepto de decenas e unidades. Descompoñer cantidades cada vez maiores en decenas e unidades:

$$68 = 60 + 8 = 6 \text{ decenas e } 8 \text{ unidades}$$

Resolver problemas sinxelos de sumas e restas. Buscar conceptos matemáticos no día a día: peso, medida, talla, nº de zapato, nº da vivenda, facturas de todo tipo, precios de produtos, personas que están en determinado lugar, matrículas de coches, nº de teléfono, canais de tv, temperatura ambiente en graos..

Seguir afianzando conceptos temporais: as horas en punto, os días da semana, anterior e seguinte a un dado, horas/días/meses que faltan para...

Un saúdo

Eugenia